

INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE XANEIRO DE 2022



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	6
4	TEMPERATURA.....	10
4.1.	Temperatura media das máximas.....	10
4.2.	Temperatura media das mínimas.....	11
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2022.....	16
5	PRECIPITACIÓN.....	17
5.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	18
5.2.	Días de chuvia en xaneiro de 2022.....	19
5.3.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2022.....	21
6	VENTO.....	22
7	RADIACIÓN SOLAR	26
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	27
8	RAIOS.....	28

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de xaneiro de temperatura mínima

Calendario de xaneiro de temperatura máxima

Calendario de xaneiro de precipitación acumulada

Calendario de xaneiro de refacho máximo

Data edición: 03/02/2022



Xaneiro foi moi seco. Grandes contrastes nas temperaturas a partir do día 11, con máximas moi altas e mínimas moi baixas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro quedou caracterizado por dúas partes ben diferenciadas. Nos primeiros 10 días as baixas presións, os ventos do sur e a inestabilidade foron predominantes. Pero o día 11 as altas presións foron entrando dende o sur, achegando moita estabilidade e deixando tempo seco durante 20 días consecutivos. Isto fai que as chuvias estean moi por debaixo do que cabería agardar nun mes de xaneiro, mentres que as temperaturas medias non se afastan demasiado do normal, con máximas algo superiores á media, pero mínimas inferiores.

Así, o primeiro día comezabamos cunha situación de vento do sur que achegaba aire cálido e propiciaba temperaturas moi elevadas, pero tamén unha fronte que deixaba chuvia ao final da xornada.

Os días 2 e 3 quedamos en situacións intermedias, con ventos do suroeste, temperaturas suaves e algunhas precipitacións en Pontevedra e sur da Coruña.

A xornada máis chuviosa do mes foi a do día 4, cando o paso dunha fronte activa deixaba chuvia xeneralizada, por momentos de intensidade moderada, con sarabia e aparato eléctrico. Esa fronte arrastraba aire frío e pola tarde a cota de neve caía ata os 1000 metros.

O día 5 pasaba unha nova fronte nas horas centrais do día, pero con menor actividade, ao igual que o día 6, con outra fronte pouco activa, neste caso nas últimas horas do día.

Nos seguintes días Galicia volvía quedar en situacións intermedias. Os días 7 e 8 con temperaturas baixas e algúns chuvascos, mentres que o 9 e o 10 os ventos de oeste deixaban humidade, temperaturas suaves e chuvias, máis cuantiosas na xornada do 9.

Durante os días 11 e 12 as altas presións entraron en Galicia dende o sur, traendo estabilidade, aínda que con algunha derradeira chuvia no norte de Lugo.

A partir do 13 a situación meteorolóxica quedou bloqueada ata o derradeiro día do mes pola presenza dun potente anticiclón estacionario ao norte da península Ibérica. Desde



esa posición impediu o achegamento de calquera borrasca ou area de inestabilidade do Atlántico polo que o tempo seco impúxose nas derradeiras 2 semanas e media do mes.

A meteoroloxía destas xornadas foi bastante semellante. Mañás frías en toda Galicia con xeadas no interior e néboa nos vales que daban paso a tardes solleiras con temperaturas suaves. Dentro desta situación as mínimas máis baixas producíronse entre o 22 e o 25 e no período entre o 29 e o 31, xornadas co aire máis seco, polo que a presenza de néboas foi escasa. Os valores de temperatura máis altos acadáronse nos últimos días no mes, con máximas lixeiramente por riba dos 20°C en puntos das Rías Baixas.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	XANEIRO 2022 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.5/11.4	10.8	12.4 (2016)	8.5 (1976)
Tª mínima media	8.3/8.2	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	4.1/3.8 (día 23/26)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	15.8/15.7 (día 1)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	14.7/14.6	13.4	14.9 (2016)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	22.3/23.1 (día 1)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	12.5/12.7 (día22/31)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	46	79-132	342 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	6	14	27 (2014)	1 (1964)

Comentario: Mes normal tendo en conta a temperatura mínima, mentres que para a máxima o mes foi moi cálido, como resultado disto tendo en conta a temperatura media o mes foi cálido.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2022. Temperatura: 1948-2022.

SANTIAGO

	XANEIRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.4	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	4.7	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 24)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	13.4 (día 1)	13.7 (22/01/2016)		
Tª máxima media	14.0	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	20.8 (día 1)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	10.6 (día 6)	3.1 (10/01/1987)		
Precipitación acumulada	57	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	8	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes normal tendo en conta a temperatura mínima, mentres que para a máxima o mes foi extremadamente cálido, acadando o valor máximo da serie. Por isto, tendo en conta a temperatura media o mes resultou cálido.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2022. Temperatura: 1982-2022.



LUGO

	XANEIRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.8	6.3	9.1 (1966)	3.6 (1976)
Tª mínima media	0.9	2.4	7.6 (1966)	-1.3 (1976)
Tª mínima absoluta	-5.4 (día 24)	-10.1 (03/01/1971)		
Tª mínima máis alta	10.4 (día 1)	13.0 (09/01/1991)		
Tª máxima media	12.7	10.2	12.7 (1993)	6.5 (1972)
Tª máxima absoluta	21.4 (día 1)	20.2 (24/01/2016)		
Tª máxima máis baixa	8.5 (día 8)	-2.0 (13/01/1987)		
Precipitación acumulada	41	62-124	288 (1970)	21 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	5	13	28 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta a temperatura mínima, mentres que tendo en conta a máxima o mes foi extremadamente cálido acadando o máximo da serie. Por isto, o mes en tendo en conta a temperatura media foi normal.

A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco no que, o número de días de chuvia foi moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2022. Temperatura: 1981-2022.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.1	9.5	12.1 (1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	4.4	5	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	0.0 (día 23)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	15.2 (día 1)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	15.9	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	22.3 (día 1)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	12.1 (día 15)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	72	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	8	14	28 (2014)	3 (1992)

Comentario: Mes frío tendo en conta a temperatura mínima, mentres que para a máxima foi extremadamente cálido acadando o valor máximo da serie. Así, para a media o mes resultou cálido.

A chuvia rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco. O número de días de chuvia tamén foi moito menor que o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2022. Temperatura: 1958-2022.



OURENSE

	XANEIRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.0	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	0.8	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-4.7 (día 23)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	9.7 (día 1)	14.0 (10/01/2004)		
Tª máxima media	15.3	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	23.1 (día 1)	22.0 (27/01/2003)		
Tª máxima máis baixa	10.8 (día 8)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	23	69-98	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	3	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta a temperatura mínima, mentres que para a máxima foi extremadamente cálido acadando o valor máximo da serie. Como resultado disto, tendo en conta a temperatura media o mes foi normal.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. O número de días de chuvia tamén foi moito menos que o valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2022. Temperatura: 1972-2022.

4 TEMPERATURA

As temperaturas medias non se afastan moito das normais para o mes de xaneiro, xa que as máximas estiveron por riba do habitual, mentres que as mínimas quedaron por debaixo. Este comportamento responde ao predominio de situacións anticiclónicas con ceo despexado.

4.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 1 foi de 12.4 °C. Houbo un gran contraste entre as temperaturas nas provincias atlánticas e o interior. Así, os valores máis altos rexistráronse no litoral das Rías Baixas, principalmente na fosa de Padrón-Tui, con valores próximos aos 18.1 °C. Os valores máis baixos concentráronse nas zonas altas da provincia Ourense e nalgunas localidades dos Ancares e a comarca de Quiroga, aproximándose aos 4.2 °C no macizo de Manzaneda.




Figura 1: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2022.

4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro, a partir dos valores do mapa da Figura 2, para o territorio galego foi de 2.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia con temperaturas medias que acadaron localmente os -0.5 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse nalgunhas zonas do litoral, destacando a península do Morrazo, onde as mínimas acadaron valores de ata 10.5 °C.




Figura 2: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2022.

4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

As anomalías no mapa de temperatura media estiveron en xeral por riba do normal, principalmente nas zonas altas da Comunidade debido as frecuentes inversións térmicas no mes. Os valores máis elevados na anomalía da temperatura media, acadáronse no sueste de Galicia, con valores próximos aos $+3.4\text{ }^{\circ}\text{C}$ por riba do normal. Porén, os valores máis baixos acadáronse na Mariña Luguesa, cunha anomalía moi próxima aos $-0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$, pero cabe destacar a normalidade nos vales de Galicia. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de $+1.07\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 3: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de xaneiro de 2022 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente en zonas altas da provincia de Ourense e na comarca de Sarria. As máis baixas (Táboa 2) rexistráronse principalmente na comarca de Bergantiños e na Mariña Oriental.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Vilariño de Conso	Ourense	2.6
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.3
Triacastela	Lugo	2.3
A Mezquita	Ourense	2.2
A Veiga	Ourense	2.2
Castrelo do Val	Ourense	2.2
A Gudiña	Ourense	2.2
Oia	Pontevedra	2.1
Manzaneda	Ourense	2.0
Samos	Lugo	2.0

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de xaneiro de 2022.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.1
Coristanco	A Coruña	-0.1
Mondoñedo	Lugo	-0.1
Lourenzá	Lugo	0.0
Monforte de Lemos	Lugo	0.0
Ponteceso	A Coruña	0.1
Allariz	Ourense	0.1
Malpica de Bergantiños	A Coruña	0.1
Trabada	Lugo	0.2
Foz	Lugo	0.2

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de xaneiro de 2022.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2022 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Principalmente a xornada do 1 foi a máis calorosa por debaixo dos 1000m, mentres que ademais as xornadas do 29 e o 31 destacaron nas altitudes máis elevadas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/01/2022	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	25.1
01/01/2022	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	23.9
01/01/2022	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	23.8
01/01/2022	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	23.5
01/01/2022	Baiona	BAIONA	Pontevedra	23.5
01/01/2022	Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	23.3
01/01/2022	Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	23.3
01/01/2022	Borreiros	VIVEIRO	Lugo	23.2
01/01/2022	Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	23.2
01/01/2022	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	23.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xaneiro 2022, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/01/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	17.5
29/01/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	16.4
31/01/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	16.4
01/01/2022	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	16.2
01/01/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	15.8
29/01/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	15.8
29/01/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	15.2
29/01/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	15.0
01/01/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	14.8
30/01/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	14.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xaneiro de 2022, altitude maior a 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xaneiro de 2022 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Por riba dos 1000 m destacou a xornada do 22, mentres que por debaixo destacaron as últimas xornadas do mes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/01/2022	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.9
22/01/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.9
22/01/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-5.7
22/01/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.6
15/01/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.0
22/01/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-4.4
22/01/2022	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.3
22/01/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.2
22/01/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-3.4
22/01/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xaneiro de 2022, altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/01/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-10.0
31/01/2022	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.7
30/01/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-8.7
30/01/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-8.5
24/01/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	-6.8
23/01/2022	Morelle	SARRIA	Lugo	-6.7
15/01/2022	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-6.2
29/01/2022	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-6.2
30/01/2022	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-6.2
29/01/2022	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-6.1

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xaneiro de 2022, altitude menor a 1000m.

4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2022.

Na Figura 4 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022 para esta serie foi 8.4 °C.




Figura 4: Temperatura media ó longo do período 1961-2022 para xaneiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.4 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse principalmente ás temperaturas máximas que foron extremadamente cálidas (+1.8 °C) e que, sen embargo, as mínimas foron moi frías (-1.1 °C). O precedente máis cálido foi o ano 2020.




Figura 5: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.

5 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron moi por debaixo do normal. Non se acadou nin tan sequera a metade da acumulación de chuvia agardada en xaneiro xa que as borrascas e fronteas soamente puideron chegar a Galicia nos primeiros 10 días do mes e ademais, agás na xornada do día 4, non foron demasiado activas.

Segundo os valores do mapa da Figura 6, a precipitación media acumulada foi de 58 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse en practicamente no oeste de Galicia, onde se acadaron localmente os 130 L/m². Moitas comarcas da provincia de Ourense acadaron os valores máis baixos de precipitación en Galicia, entorno aos 15 L/m², nalgunhas localidades da comarca de Valdeorras non se chegou aos 5 L/m².




Figura 6: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2022.

5.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 7 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 68 % inferior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta un gran contraste entre a provincia de Ourense e o resto da Comunidade. Así hai unha porcentaxe superior ao 13 % do normal, en localidades da Serra dos Ancares, mentres que en gran parte da provincia de Ourense e en Monforte a porcentaxe é de ata un 90% por debaixo do valor climático.




Figura 7: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2022.

5.2. Días de chuva en xaneiro de 2022

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 6.1. Os valores máis altos acadáronse na comarca do Xallas e entre as comarcas de Ortelgal e a Mariña occidental, con 10 días de chuva. Pola contra, na comarca da Limia e en Monforte tan só houbo 2 días. Todos estes son valores moi inferiores aos esperados nesta época do ano.




Figura 8: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de xaneiro de 2022.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xaneiro. As precipitacións acumuladas máis altas apenas superaron os 100 L/m², principalmente no oeste da Comunidade. Entre o 3 e o 4 caeu unha gran porcentaxe da chuva total rexistrada no mes, con valores que superaron os 40 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2022			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	129
Castrove	POIO	Pontevedra	127
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	126
Muralla	LOUSAME	A Coruña	125
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	124
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	113
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	113
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	110
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	107
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	103

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2022.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
O Val	NARÓN	A Coruña	60	03/01/2022 21:00
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	57	03/01/2022 10:40
Cariño	CARIÑO	A Coruña	56	03/01/2022 20:50
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	55	03/01/2022 14:00
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	53	04/01/2022 01:30
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	53	03/01/2022 21:30
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	52	03/01/2022 13:40
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	52	09/01/2022 00:30
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	48	03/01/2022 09:10
Muralla	LOUSAME	A Coruña	48	03/01/2022 09:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2022.

5.3. Evolución da precipitación en xaneiro de 2022

Na Figura 9 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022, para esta serie, foi 53 L/m².




Figura 9: Precipitación ó longo do período 1961-2022 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 64 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedentes semellantes máis recentes son o 2017 (-62%) e 2012 (-68%).




Figura 10: Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.





6 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 preséntanse as estacións que rexistraron ventos superiores ao limiar especificado, ademais nestas localidades acadouse este limiar en varias xornadas, destacando as primeiras xornadas do mes pero tamén a do 21. A estabilidade que predominou durante o mes fixo que a compoñente dominante do vento fose de compoñente este, ademais en xeral, apréciase unha elevada porcentaxe de calmas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
04/01/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	148.2
03/01/2022	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	134.3
21/01/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	133.7
03/01/2022	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	119.6
04/01/2022	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	117.1
01/01/2022	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	102.5
04/01/2022	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	101.2
22/01/2022	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	101.0
04/01/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	100.4

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xaneiro de 2022.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	93.0	NE	15		
		Día 21				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candieira	Cedeira	134.3	NE	11		
		Día 3				
Malpica	Malpica	77.1	SE	4		
		Día 21				
Marco da Curra	Monfero	89.7	SE	7		
		Día 3				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2022 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	119.6	E	6		
		Día 3				
Campus Lugo	Lugo	47.9	N	74		
		Día 1				

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	94.7	NE	16		
		Día 4				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xaneiro de 2022 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	95.6	S	13		
		Día 22				
Rodicio	Maceda	71.5	NE	18		
		Día 4				
Gandarela	Celanova	73.0	SE	50		
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2022 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	76.6	E	13		
		Día 1				
Cíes	Vigo	91.9	E	18		
		Día 4				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2022 na provincia de Pontevedra.

7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 11: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xaneiro de 2022.

7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 12: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de xaneiro 11 raios. Todos eles no día 4 (Figura 13).



Figura 13: Número de raios por día detectados en Galicia en xaneiro de 2022.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 14 os raios detectados na xornada do día 4 foron nas provincias de Pontevedra e A Coruña.




Figura 14: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xaneiro de 2022.

Na Figura 15 pódese ver o número total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2022. Pódese observar que este xaneiro foi o terceiro no que menos raios se detectaron na serie, nun mes no que as tormentas non son moi habituais.




Figura 15: Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2022.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	9.6	12.72	19.7	29	7.2	2.8	22	110	49.0	4	49	78	94	61	55	161	752	21	102	1	978	10	0				
Aldea Nova	9.3	13.4	19.8	1	6.8	3.7	23	100	52.4	4	56	82	94	65	52	150	703	11	67	3	995	10	0				
Arzúa	6.8	14.3	20.8	1	1.4	-4.2	24	57	26.2	4	19	85	100	56	56	162	729	3	50	1	984	9	15				
Camariñas	10.8	14.34	18.9	1	7.5	2.8	23	49	32.0	4	-10	80	93	61	58	168	800	17	84	3	1026	7	0				
Cariño	11.1	13.36	22.5	1	8.6	4.4	15	77	55.0	4	30	81	92	67	46	132	647	16	91	3	1027	13	0				
Cespón	9.9	16.33	21.7	29	5.1	0.1	15	85	29.1	4	41	79	94	55	51	149	721	5	58	4	1022	10	0				
CIS Ferrol	10.3	14.86	21.6	1	6.9	0.9	15	66	38.0	4	17	77	91	57	53	153	735	10	66	3	1024	8	0				
Corrubedo	11.2	15.51	19.1	1	8.0	4.9	23	44	23.2	4	-8	68	82	51	51	144	744	8	55	5	1023	8	0				
Coruña-Dique	10.6	14.41	22.0	1	7.3	2.8	23	36	30.6	4	**	74	88	56	**	**	**	16	85	3	1026	5	0				
Coruña-Torre de Hércul	11.2	14.66	23.3	1	8.3	4.1	23	46	33.7	4	**	76	89	60	**	**	**	**	**	**	**	7	0				
*Coto Muiño	7.3	14.03	20.9	29	1.8	-4.3	29	113	40.7	4	**	87	99	59	**	**	**	3	51	3	**	11	15				
Fontecada	7.8	12.47	18.2	29	3.9	-1.4	24	96	31.3	4	42	77	93	57	50	144	676	10	76	4	984	10	2				
*Guísamo	9.7	14.23	21.9	1	6.3	2.1	31	66	43.5	4	**	79	93	60	**	**	**	**	58	3	1006	8	0				
*Lesende	9.9	14.94	19.9	29	6.0	1.9	23	80	27.2	4	18	79	94	57	55	159	739	5	54	3	1007	8	0				
Lira	11.6	14.35	19.0	29	9.4	5.3	22	48	21.8	4	-20	68	82	54	**	**	785	19	93	21	**	8	0				
Mabegondo	8.0	15.07	22.1	1	2.7	-3.2	28	63	44.0	4	17	86	99	62	60	174	777	5	69	3	1016	8	15				
Malpica	10.2	13.2	20.0	1	7.8	4.8	23	61	44.4	4	14	82	95	67	56	161	743	23	77	21	1008	8	0				
Marco da Curra	6.5	10.48	17.2	1	3.7	0.1	22	94	29.9	4	49	80	94	63	51	148	725	18	89	3	951	10	0				
Melide	6.6	13.9	20.6	30	1.5	-4.0	24	60	19.6	4	19	81	96	55	52	152	728	5	43	12	971	9	12				
Muralla	8.1	10.82	17.4	29	5.8	0.3	22	125	28.6	9	75	77	91	62	52	152	685	22	86	3	949	10	0				
*O Val	9.8	14.76	21.6	1	5.7	0.0	24	96	60.2	4	**	81	94	63	**	**	**	**	44	21	1019	9	2				
Olas	7.7	12.76	19.0	1	3.8	-1.1	23	87	39.8	4	41	79	94	61	57	165	742	10	67	1	**	9	4				
*Ordes	6.8	14.26	20.5	1	1.1	-5.2	29	62	32.0	4	**	81	94	57	**	**	**	3	37	3	995	9	16				
*Paramos	7.8	12.95	18.0	1	4.0	-0.6	15	106	40.4	4	**	79	90	60	**	**	**	5	42	21	984	10	4				
*Pazo de Galegos	9.1	14.89	21.5	1	4.6	-1.4	25	52	27.4	4	0	82	96	62	58	170	782	5	38	1	1000	10	5				
Punta Candieira	10.3	12.47	20.3	1	8.6	6.6	22	60	35.5	4	-42	74	86	60	55	150	701	27	134	3	--	9	0				
Punta Langosteira	11.2	13.98	20.9	1	8.5	4.5	29	46	38.3	4	**	76	90	61	57	164	683	19	93	3	1025	5	0				
Río do Sol	7.8	11.36	17.5	29	5.0	-0.8	29	91	42.0	4	39	77	92	62	53	154	709	17	85	4	902	11	1				
*Rus	8.3	15.2	21.0	29	3.0	-3.0	29	66	43.5	4	**	89	100	65	**	**	**	3	49	3	1011	9	13				
Sálvora-Pazo	11.5	14.35	18.8	1	9.5	4.2	26	48	27.9	4	--	79	90	64	**	**	791	**	79	31	**	8	0				
Santiago-EOAS	8.6	14.04	20.8	1	4.7	-0.5	24	56	31.4	4	7	78	91	57	55	161	739	14	68	4	997	9	1				
Santiago-San Lázaro	8.4	13.55	20.0	1	4.1	-1.3	25	43	23.6	4	-7	79	94	60	57	165	729	9	70	9	991	9	**				
Sergude	8.2	14.26	20.3	1	3.9	-2.3	29	66	29.1	4	**	79	93	57	46	126	682	**	**	**	**	10	6				
Serra da Faladoira	6.9	10.12	18.1	1	4.7	1.3	23	125	53.0	4	85	84	94	68	49	142	696	22	101	22	959	13	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 1

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Lugo																											
A Pontenova	7.4	11.81	21.9	1	4.2	-1.4	23	48	29.1	4	**	81	93	62	47	134	709	14	117	4	**	**	**	**	9	3	
Abradelo	6.7	11.15	18.0	1	3.2	-1.5	31	54	27.1	4	**	67	82	50	**	**	784	**	**	**	**	**	**	**	8	3	
*Alto do Faro	5.5	9.52	17.0	1	2.1	-3.0	22	60	23.4	4	**	84	97	65	**	**	**	5	46	3	929	**	**	**	9	9	
*Alto do Poio	3.5	6.52	13.1	1	1.2	-4.3	22	103	34.4	5	**	67	80	52	**	**	**	11	72	22	**	**	**	**	8	14	
Ancares	4.4	8.26	15.2	29	1.6	-2.1	21	78	31.2	9	26	64	78	49	**	**	804	**	94	4	872	**	**	**	7	10	
*Borreiros	8.9	13.94	23.2	1	4.9	-0.7	15	71	46.2	4	34	85	96	65	44	127	599	5	53	3	1020	**	**	**	13	4	
Bóveda	5.9	13.69	22.5	1	0.4	-6.1	29	38	14.6	4	0	86	99	56	**	**	756	3	44	4	976	**	**	**	7	18	
Burela	8.4	10.43	19.5	1	6.8	3.3	23	53	30.5	4	10	80	90	69	40	115	610	18	93	3	977	**	**	**	10	0	
Campus Lugo	5.5	12.73	21.4	1	0.9	-5.4	24	40	27.5	4	8	90	100	62	44	129	667	3	47	1	980	**	**	**	8	17	
Castro R. de Lea	5.4	11.43	20.6	1	1.1	-5.5	15	37	23.8	4	**	89	99	68	46	132	659	**	**	**	978	**	**	**	8	17	
Conchada	6.5	12.45	19.2	1	2.3	-2.5	22	54	19.4	4	**	76	90	58	**	**	784	**	**	**	**	**	**	**	8	8	
Corno do Boi	5.9	9.87	17.2	1	2.7	-1.6	22	82	29.6	4	42	82	95	64	55	160	751	11	69	4	**	**	**	**	10	4	
Cospeito	5.1	11.84	20.8	1	0.0	-6.2	15	41	19.7	4	14	91	99	66	46	132	644	6	56	3	**	**	**	**	8	19	
Courel	6.5	11.14	17.6	1	2.7	-1.4	31	54	18.7	9	-6	65	80	48	58	169	788	7	65	4	937	**	**	**	8	4	
Feiranova-Santaballa	5.4	12.13	19.1	1	0.5	-5.2	24	54	18.2	4	21	92	100	68	52	150	722	6	57	21	**	**	**	**	8	18	
Fontaneira	5.8	9.72	16.8	1	2.8	-2.8	22	71	23.6	4	28	71	86	56	57	165	734	16	**	4	913	**	**	**	7	3	
Foz	8.9	12.8	22.7	1	5.3	-0.4	23	46	27.1	4	4	79	91	64	49	142	656	11	95	3	1020	**	**	**	9	1	
Fragavella	5.9	9.41	18.0	1	2.7	-2.3	23	64	27.5	4	28	86	97	70	46	132	637	13	92	4	957	**	**	**	12	12	
Guitiriz-Mirador	6.2	9.9	17.8	1	3.7	0.0	22	83	23.6	4	48	84	96	66	40	117	628	10	58	3	947	**	**	**	10	1	
*Labrada	6.2	9.53	17.3	1	3.5	0.1	24	94	25.3	4	55	81	94	64	48	137	660	10	59	3	**	**	**	**	12	0	
*Lourenzá	7.8	13.76	23.8	1	3.2	-3.1	24	40	27.0	4	**	84	95	63	**	**	**	4	59	3	**	**	**	**	7	13	
Marroxo	6.3	10.87	19.5	1	2.6	-3.0	28	19	14.3	4	-24	76	91	56	61	178	803	8	--	--	952	**	**	**	5	6	
*Míllara	6.1	13.56	21.6	1	2.0	-2.7	22	31	20.6	4	**	88	100	59	**	**	**	3	58	4	**	**	**	**	7	11	
Monforte	4.8	13.93	23.0	1	-0.3	-6.4	23	17	12.4	4	-14	92	100	61	43	126	649	**	41	1	**	**	**	**	4	20	
*Morelle	4.3	12.06	22.0	1	-1.1	-6.7	23	35	19.3	4	6	90	99	63	37	107	593	2	36	1	978	**	**	**	6	22	
O Cebreiro	3.1	8.44	14.7	30	0.0	-5.6	22	29	11.7	5	-15	74	88	57	**	**	835	12	66	9	877	**	**	**	8	17	
O Xipro	6.0	10.95	18.9	1	2.6	-2.0	22	44	21.7	4	-6	73	88	52	57	165	778	11	72	1	935	**	**	**	7	5	
O Xistral	5.6	7.97	14.9	29	3.2	-1.1	22	73	29.2	4	34	82	96	66	47	137	677	36	133	21	**	**	**	**	17	2	
*Olveda	5.9	11.91	18.3	29	1.5	-3.7	22	49	22.1	4	13	80	95	56	41	121	675	4	44	4	**	**	**	**	8	15	
Pedro Murias	9.8	13.59	25.1	1	6.3	1.7	23	52	32.7	4	--	82	97	63	48	137	613	10	77	3	1023	**	**	**	7	0	
Penedo do Galo	7.1	9.31	18.8	1	5.7	2.2	23	71	47.7	4	28	85	95	72	42	121	602	**	119	3	**	**	**	**	11	0	
Pol	6.3	10.72	19.4	1	3.1	-1.1	23	46	25.4	4	**	81	93	61	54	158	748	**	**	**	951	**	**	**	7	2	
Portomarín	4.9	11.64	20.0	1	0.8	-4.0	22	44	23.4	4	**	92	100	68	26	74	451	**	**	**	975	**	**	**	9	19	
Riotorto	7.4	12.66	22.8	1	3.5	-2.3	14	51	26.2	4	--	89	98	66	50	144	683	6	70	3	**	**	**	**	11	7	
Sambreixo	5.5	11.42	19.6	1	1.0	-5.4	24	55	26.9	4	**	89	99	67	54	155	718	**	**	**	**	**	**	**	8	16	
*San Clodio	5.4	13.58	21.1	1	0.7	-4.8	29	32	18.2	4	**	87	99	55	**	**	**	2	33	4	998	**	**	**	7	18	
*San Fiz	6.2	13.05	21.0	1	2.0	-2.8	22	31	21.3	4	-8	86	98	60	46	135	704	3	48	4	981	**	**	**	8	10	
Santa Cruz	8.1	13.92	23.3	1	3.4	-4.4	15	44	24.5	4	9	86	97	62	42	120	606	4	64	3	**	**	**	**	9	11	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Serra Vacaloura	5.9	10.13	17.3	1	2.9	-2.0	22	61	25.7	4	20	84	98	66	59	172	797	18	69	31	**	12	3
Ventosa	5.7	10.41	17.6	1	1.9	-2.7	22	51	19.2	4	2	70	85	51	62	179	764	9	80	3	921	7	9
*Vilamor	8.2	13.38	22.8	1	3.8	-2.8	23	47	30.3	4	12	86	97	65	47	136	640	5	52	3	**	9	11
*Xabrega	6.0	13.28	21.5	1	2.1	-3.0	23	28	17.2	4	-11	86	96	60	50	147	740	**	68	3	990	5	13

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 1

Provincia	T ^a C Med	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m ²			BHC l/m ²	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
		Estación	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m ²	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva
Ourense																								
A Mezquita	4.8	10.29	15.8	29	0.4	-4.5	22	15	7.8	5	-42	64	82	45	68	199	893	10	67	12	910	3	15	
*A Portela	5.8	13.9	19.1	29	0.2	-4.7	29	25	9.6	9	-16	79	99	48	57	166	771	3	58	4	**	4	20	
*A Trabe	6.4	11.2	16.5	29	2.5	-1.2	23	23	8.8	9	-33	69	83	53	65	191	873	**	33	4	937	3	5	
Alto do Rodicio	5.5	9.49	15.1	30	2.3	-3.2	22	56	24.3	9	--	72	85	56	**	**	818	11	71	4	914	7	4	
Amiudal	7.4	12.51	19.4	1	3.5	-1.3	22	29	14.1	4	-13	77	92	57	**	**	808	6	62	4	962	7	2	
As Petarelas	6.1	12.94	19.2	29	1.2	-2.5	15	28	13.3	9	**	73	90	49	**	**	812	**	**	**	**	4	17	
Baltar	4.7	11.75	18.7	1	-1.9	-6.8	24	15	11.0	4	-27	79	98	52	**	**	868	8	55	4	934	4	22	
Cabeza de Manzaneda	1.6	4.97	9.7	29	-0.9	-5.0	15	48	15.5	9	--	66	82	45	**	**	925	22	88	1	831	8	20	
*Calvos	3.5	11.19	18.5	1	-3.4	-9.7	31	25	12.4	4	-18	80	99	53	**	**	842	6	59	4	**	8	23	
Casaio	5.1	8.58	15.8	1	2.1	-3.1	22	25	14.2	4	**	58	75	42	**	**	**	7	100	4	**	5	8	
*Corzos	3.6	9.86	16.4	29	-0.8	-5.7	22	38	16.0	4	**	65	81	47	**	**	**	7	68	4	**	7	22	
Entrimo	7.3	13.74	19.2	1	2.9	-0.9	30	37	10.7	4	**	74	88	56	50	148	746	**	**	**	**	8	3	
*EVEGA Leiro	5.3	15.55	19.5	2	-0.6	-6.2	29	15	10.2	4	**	87	98	54	**	**	**	1	35	3	1016	6	20	
Gandarela	7.3	11.71	21.1	1	3.9	-1.0	28	21	15.1	4	-26	78	93	61	62	181	853	6	72	4	954	6	2	
Lardeira	2.8	6.3	12.7	1	-0.1	-4.2	22	11	7.8	4	-58	63	80	46	66	192	892	20	148	4	845	3	16	
*Larouco	5.9	12.79	20.2	1	0.4	-3.5	21	25	12.7	4	**	76	95	50	**	**	**	3	39	3	966	6	20	
Laza	5.5	13.27	17.2	29	0.1	-4.2	23	22	9.0	4	-21	77	95	49	65	191	842	3	42	4	**	5	21	
Monte Medo	5.7	12.79	18.4	29	0.3	-4.1	31	34	18.6	4	**	76	93	50	59	173	770	**	**	**	**	7	18	
O Invernadeiro	3.0	10.34	16.4	31	-1.4	-5.9	22	41	14.8	9	2	78	91	51	51	149	735	7	48	8	909	9	24	
Ourense	6.2	15.3	23.1	1	0.8	-4.7	23	23	17.4	4	**	84	99	50	**	**	**	**	**	**	**	6	18	
Ourense-Estacións	7.0	15.47	22.9	1	2.2	-2.8	30	19	13.9	4	-17	81	95	50	53	154	708	**	29	1	1013	7	14	
*Pazo de Fontefiz	7.2	13.22	20.5	1	2.2	-2.3	22	35	18.3	4	-4	78	94	58	57	167	722	3	**	4	979	8	12	
*Ponte Boga	6.3	13.12	23.2	1	1.3	-4.3	29	24	17.8	4	-15	81	98	55	**	**	793	**	51	4	972	5	18	
*Prado	6.1	14.39	18.5	2	1.7	-3.3	23	16	13.9	4	**	89	98	58	**	**	**	2	26	4	1013	3	12	
Remuíño	5.0	14.77	19.1	2	0.0	-4.9	23	22	11.8	4	-9	89	97	57	44	128	670	3	**	4	**	6	19	
*Riós	6.2	11.2	15.9	30	2.4	-2.3	22	32	11.7	9	-17	68	83	49	**	**	860	5	34	4	**	4	5	
San Xoán de Río	4.8	9.77	17.5	1	1.4	-3.4	22	45	17.8	4	-7	71	84	53	**	**	857	12	65	4	908	9	11	
Serra do Eixe	4.1	8.02	14.8	1	0.8	-4.4	22	60	29.5	9	11	71	86	54	**	**	853	13	94	4	887	7	13	
Verín-Vilamaior	6.1	13.31	18.4	1	0.8	-3.6	23	16	7.2	4	-27	73	91	49	**	**	838	4	42	4	964	3	20	
Verín-Vilela	3.5	14.63	19.2	1	-3.5	-8.6	30	11	6.1	4	-30	83	98	47	63	186	828	2	44	4	**	3	23	
Viana do Bolo	4.7	11.66	18.3	1	-0.7	-4.9	23	14	10.8	4	-28	71	90	47	61	178	798	6	69	4	929	2	20	
Xares	2.0	5.9	11.3	29	-1.1	-5.9	15	39	13.9	4	-45	61	79	44	69	201	912	19	95	22	830	7	20	
Xinzo	4.1	12.41	18.8	1	-2.4	-10.0	29	19	14.2	4	-20	84	99	54	**	**	855	7	50	4	954	6	21	
Xurés	6.1	10.07	16.2	1	2.7	-1.9	22	44	16.8	4	-13	67	85	49	**	**	871	15	92	4	905	8	3	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 1

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	8.1	14.27	19.9	29	3.7	-1.8	22	94	31.0	4	50	81	95	59	51	149	715	6	52	1	**			**	9	1	
A Granxa	6.6	16	23.5	1	0.8	-5.0	29	62	21.8	9	21	87	97	55	56	163	747	1	37	4	1023			**	7	16	
A Lanzada	10.2	15.54	19.6	1	6.2	1.4	24	49	22.2	4	-1	80	92	59	**	**	765	14	77	4	**			**	9	0	
*Areas	9.5	15.34	23.0	1	5.0	-0.5	24	69	22.0	4	28	82	98	60	52	152	734	3	46	4	**			**	8	1	
*As Eiras	8.6	15.31	23.1	1	4.1	-0.5	24	96	40.2	9	54	85	98	60	60	176	767	3	52	4	1022			**	8	2	
Atios	7.2	15.89	23.0	1	1.4	-3.7	30	65	20.6	4	26	92	100	62	59	174	764	2	48	1	**			**	8	15	
Baiona	10.6	15.57	23.5	1	6.6	3.1	23	61	13.6	4	12	78	94	55	61	177	777	6	66	4	**			**	8	0	
*Barrantes	9.4	15.99	22.2	1	4.2	-2.3	15	66	23.1	4	--	79	93	54	--	--	858	2	45	4	**			**	9	5	
Cabo Udra	11.3	15.2	20.8	1	8.5	5.2	24	43	20.0	4	-7	80	94	60	**	**	761	13	87	3	**			**	8	0	
Caldas de Reis	9.2	14	20.3	1	5.4	1.5	22	77	27.1	4	32	75	90	59	48	141	714	6	51	1	995			**	9	0	
*Camanzo	8.2	15.18	21.9	1	3.1	-2.5	24	47	30.5	4	0	80	95	59	52	152	743	4	48	3	1003			**	9	10	
Cangas-Porto	11.0	15.42	21.5	1	7.7	4.5	23	54	17.9	4	**	72	87	53	**	**	**	6	79	4	**			**	8	0	
Castro Vicaludo	9.5	12.76	19.1	1	6.8	2.4	22	99	22.9	4	37	71	85	56	**	**	789	20	101	4	970			**	10	0	
Castrove	9.7	13.2	19.4	29	6.9	2.5	22	127	33.3	4	54	70	84	57	**	**	807	**	78	5	966			**	11	0	
*Cequeliños	7.6	13.51	23.1	1	3.1	-1.7	23	44	18.6	9	-4	80	94	58	58	170	799	10	65	4	**			**	6	7	
Corón	10.9	14.93	21.5	1	7.4	2.5	23	52	19.3	4	-4	74	87	56	**	**	788	14	70	3	1025			**	8	0	
*Entenza	8.3	15.06	23.0	1	3.6	-1.4	24	48	15.0	9	13	81	95	57	44	131	655	1	46	4	**			**	7	3	
Forcarei	7.5	11.99	17.9	1	4.0	-0.7	22	83	37.6	4	31	73	90	54	**	**	773	13	72	4	**			**	9	2	
Fornelos de Montes	8.7	11.89	17.4	29	6.2	1.5	22	93	37.4	9	33	67	81	53	**	**	783	**	76	1	944			**	8	0	
Gargamala	9.5	14.88	22.8	1	5.2	1.1	24	67	26.0	9	21	76	92	55	61	180	796	3	46	4	**			**	8	0	
Illas Cíes	11.7	15.15	21.2	1	9.1	6.8	25	46	18.2	4	-8	78	92	59	**	**	816	12	91	4	**			**	9	0	
Lalín	7.4	12.75	18.7	29	3.3	-1.4	31	50	32.7	4	**	76	94	55	**	**	**	7	54	5	**			**	9	2	
*Louredo	8.8	14.84	21.8	1	4.5	0.8	23	76	23.4	9	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	--			--	13	0	
Lourizán	9.0	15.92	22.3	1	4.4	0.0	23	72	22.4	4	32	86	98	62	51	150	742	3	40	1	1021			**	9	1	
*Meder	8.8	15.32	22.8	1	3.8	-0.6	23	46	13.2	9	**	84	99	56	**	**	**	1	**	4	1010			**	8	2	
Monte Aloia	8.8	13.03	19.4	1	5.4	2.1	22	123	51.6	9	75	76	90	62	52	152	767	7	60	4	970			**	10	0	
Mouriscade	5.4	13.35	18.9	29	-0.6	-5.8	31	47	31.3	4	4	81	97	53	**	**	818	6	53	4	967			**	7	21	
O Viso	10.1	14.98	20.3	1	6.4	3.0	24	77	22.6	4	21	67	82	51	59	171	759	7	73	4	995			**	8	0	
Ons	10.9	14.17	20.2	1	8.1	4.3	22	50	27.7	4	-3	78	92	63	**	**	830	17	82	5	1013			**	9	0	
*Pé Redondo	10.5	15.8	21.5	1	6.5	2.2	24	77	31.6	4	33	78	91	61	56	163	732	2	49	3	**			**	9	0	
*Ponte Caldelas	9.1	14.25	20.2	1	4.8	-0.6	24	89	27.1	4	39	72	85	56	60	174	757	5	42	3	985			**	7	1	
Pontevedra-Campolongo	9.7	18.14	23.9	1	4.2	-0.1	29	79	23.0	9	**	78	96	48	**	**	**	2	38	4	**			**	9	1	
Porto de Vigo	12.0	15.98	23.1	1	8.9	5.2	23	67	17.6	4	9	72	86	55	56	163	757	10	84	4	1025			**	8	0	
Rebordelo	7.5	14.8	20.7	29	1.4	-3.7	23	128	45.2	4	**	79	96	55	58	171	760	**	**	**	**			**	10	15	
San Nomedio	9.0	11.86	17.9	1	6.4	-0.5	23	91	42.3	9	26	66	81	53	56	164	779	14	78	4	**			**	8	1	
Sanxenxo	11.2	16.04	21.6	1	7.3	3.4	22	58	23.2	4	10	73	90	55	61	178	771	3	56	5	1023			**	8	0	
Serra do Faro	5.8	9.43	14.7	1	3.0	-2.7	22	65	26.2	4	11	71	85	57	57	167	722	18	71	4	912			**	12	3	
*Simes	10.0	15.81	22.4	1	5.3	0.4	22	50	18.5	4	**	77	93	57	57	166	696	**	**	**	**			**	8	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 1


Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
*Soutomaior	9.8	15.56	21.0	1	6.0	2.0	24	62	18.9	9	**	83	96	63	**	**	**	**	27	1	1006	9	0		
*Torrequeintáns	10.1	16.46	22.0	1	5.1	0.0	15	57	22.2	4	13	84	97	63	**	**	787	4	55	1	1019	7	0		
*Tremoedo	9.8	15.48	21.2	1	5.3	0.5	24	51	18.2	4	**	76	90	54	**	**	**	3	48	3	1019	9	0		
Vigo	11.2	16.4	22.2	1	7.5	4.1	23	70	15.6	4	**	68	84	50	**	**	**	**	**	**	**	8	0		
Vigo-Campus	10.1	12.8	19.5	1	7.8	3.0	22	101	27.1	9	44	67	82	55	**	**	820	9	78	1	973	8	0		
Xesteiras	8.4	11.07	17.6	29	6.2	-0.2	22	113	29.6	4	**	73	88	58	**	**	**	24	96	4	942	10	1		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.


--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.


TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA XANEIRO 2022



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA XANEIRO 2022



CHUVIA ACUMULADA DIARIA XANEIRO 2022



REFACHO MÁXIMO DIARIO XANEIRO 2022

